



Accións perante da solicitude de autorización de liberación de OXM's na Galiza

Compostela 28 xaneiro 09. Na rolda de prensa realizada na mañá de hoxe en Santiago de Compostela, a Plataforma Galega Antitransxénicos (PGA) quixo trasladar á cidadanía os puntos seguintes:

1. A febleza do texto aprobado por consenso no Parlamento Galego o pasado 26 de Novembro, consecuencia da covardía política d@s nos@s representantes, foi apercebido polas multinacionais da biotecnoloxía como unha porta aberta para a liberación de novos OXM's na Galiza de xeito experimental.

Neste primeiro ataque das multinacionais, estando inda no primeiro mes do 2009, son xa cinco os concellos galegos no punto de mira: **Arzúa, Santa Uxía de Ribeira, Mesía, Vilalba e Chantada.**

No caso deste último, declarado no pleno consistorial de agosto de 2008 como Zona Libre de Transxénicos-ZLT, atopámonos perante dunha **actitude impositiva e prepotente por parte das empresas e irrespetuosa e irresponsábel por parte do Ministerio e do Goberno galego**, obviando a oposición contundente da cidadanía e da administración local.

2. Conscientes de que nin o Goberno central nin o autonómico están asumindo a responsabilidade legal en materia de participación e consulta social no eido ambiental reflectida na Lei 27/2006, a PGA tomou a iniciativa de establecer contactos cos concellos afectados, constando a falla de información sobre a existencia destas solicitudes.

Queremos resaltar que **as eivas no plano informativo son constantes ao longo de todo o proceso de implementación dos organismos modificados xenéticamente**: procesos participativos abertos á cidadanía só por internet -so atopábeis tras unha profunda procura nas páxinas web do Ministerio-, descoñecemento do lugar exacto onde se van realizar as plantacións mesmo polos gobernos locais afectados, escurantismo, etc.

Salientar a falla de correspondencia do proceso consultivo ao respecto das persoas afectadas, nomeadamente labreg@s, que en absoluto se caracterizan por dispor dos coñecementos e/ou infraestruturas necesarias para facer saber o seu posicionamento por "vía internet".

Non interesa, nin a empresas nin a gobernos, informar ou dar posibilidade de opinar á cidadanía sobor da implantación dos organismos modificados xenéticamente (OMX's), **un dos primeiros pasos cara a privatización total do proceso de produción de alimentos**, que suporá regalar ás multinacionais o control da alimentación, orixinalmente en mans das labregas e labregos, e **renunciar ao dereito á soberanía alimentar dos pobos**.

3. A falla de información é se cabe máis escandalosa ao termos un representante da Galiza, **Andrés Núñez Rajoy*** (Xefe de Servizo de Producción Agraria Sostíbel e Sanidade Vexetal) **na Comisión Nacional de Bioseguridade**, entidade que fica en entredito ao ter aprobado o cultivo de variedades de millo transxénico calificadas como “grave ameaza para a saúde” polo Goberno de Austria tra-los resultados dun estudo encargado á Universidade de Viena.**

4. Perante desta situación, a Plataforma Galega Antitransxénicos:

-levará a cabo **un control exhaustivo do peso que as alegación presentadas pola cidadanía terán no informe que presentará a Comisión Nacional de Bioseguridade**.

-**fará un envío masivo de solicitudes de información ambiental**, amparándonos no dereito recollido na Lei 27/2006, ao Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, para procedermos á “coñecer a localización exacta mediante coordenadas xeográficas ou referencia catastral das parcelas onde se solicitaron os ensaios de liberación con códigos (B/ES/09/15; B/ES/09/18; B/ES/09/19; B/ES/09/20; B/ES/09/21; B/ES/09/22; B/ES/09/23; B/ES/09/24)”.

- solicitou xa unha **reunión con Andrés Núñez Rajoy**, representante galego na Comisión Nacional de Bioseguridade.

-estableceu **contactos con representantes locais dos concellos afectados**.

5. A PGA cuestiónase,

-**Quen preguntou aos labregos/as se querían poñer o futuro das súas leiras en mans das grandes empresas transnacionais da alimentación?**

-**Quen consultou á poboación se queremos comer transxénicos sen ser conscientes dos seus efectos?**

-**Por que non se etiquetan convenientemente os OXM's?**

-**Por que non se aplica o Principio de Precaución se existen xa estudos que demostran a perigosidade destes organismos?**

* andres.nunhez.rajoy@xunta.es

** *Biological effects of transgenic maize NK603xMON810 fed in long term reproduction studies in mice.*

■ Obterán máis información contactando con:

Nome	Responsabilidade	Colectivo	Teléfono
Charo Sánchez Parga	Voceira	SLG	669651700
Fins Eirexas Santamaría	Voceiro	ADEGA	661993406
Analia Moares Lameiro	Voceira	Amigos da Terra	988374318 / 660310049

COLECTIVOS INTEGRANTES DA PLATAFORMA GALEGA ANTITRANSXÉNICOS

- A Esmorga
- A Gentalha do Pichel
 - A Xoaniña
- AC Caleidoskopio
 - ADEGA
 - ADENCO
 - APEGA
- Alternativas Nómadas
 - Amigos da Terra
 - Anacos da Cidade
 - Arrincadeira
- Asoc. Cultural Meiro
 - CIG-Servizos
 - CRAEGA
 - Coto do Frade
 - Cova da Terra
 - Eirado
 - Erva
 - FugaEmRede
- Fundación Sen Esquencer
 - Info-Transxenicos Tui
 - O Grelo Verde
- Rede de Consumo Consciente
 - Saramaganta
 - Semente
- Sindicato Labrego Galego
 - Verdegaiá
- Veterinarios Sen Fronteiras

ZONAS LIBRES DE TRANSXÉNICOS EN GALIZA

- Lalín (Pontevedra)
- Silleda (Pontevedra)
 - Irixo (Ourense)
 - Chantada (Lugo)
- Val do Dubra (A Coruña)
 - Ames (A Coruña)
 - Negreira (A Coruña)
 - Riotorto (Lugo)
 - Verín (Ourense)
- Forcarei (Pontevedra)